

“Do cambio radical das Irmandades bebe todo o nacionalismo posterior”

Hoxe comezou no Museo do Pobo o Simposio 'Repensando Galiza: as Irmandades da Fala (1916-1931)', de cuxo comité organizador forma parte Justo Beramendi, principal investigador sobre este tema, con quen falamos daquel movemento e das súas conexións co presente.

R. Castro

17 de novembro de 2016

<https://www.nosdiario.gal/articulo/memoria/do-cambio-radical-das-irmandades-bebe-todo-nacionalismo-posterior/20161117212654052879.html>

- Vostede é o principal especialista nas Irmandades da Fala. Ten a listaxe máis completa dos militantes e o seu libro 'De provincia a nación' segue a ser referencial no estudo desta época. Cal é foi a dimensión histórica das Irmandades?

- A importancia das Irmandades é múltiple. Por unha banda, son as parteiras do nacionalismo galego propiamente dito, porque son as que protagonizan a transición de 1916 a 1918 do rexionalismo ao nacionalismo. E isto non é un simple cambio de nome. É algo moi importante desde o punto de vista ideolóxico e político, porque pasan de considerar que Galiza é rexión da nación española, a considerar que Galiza é unha nación e España non, é un Estado plurinacional. E de aquí derivan unha serie de reivindicacións políticas que se plasman no programa da Asemblea de Lugo e avogan por unha reformulación radical do Estado español, de maneira que se pase dun estado totalmente centralista a unha federación ou confederación de estados parcialmente soberanos. E aquí xa chega un cambio radical, e dese cambio bebe todo o nacionalismo posterior.

Tamén hai un cambio respecto do sistema político vixente daquela, que era un sistema parlamentario non democrático, e eles propoñen unha democracia representativa auténtica, con igualdade de dereitos para a muller e con unha eliminación do caciquismo, da fraude electoral, dos abusos, etc. E logo na cuestión da lingua tamén supoñen un salto cualitativo porque até ese momento os galeguistas defendían a lingua galega, pero en castelán maioritariamente, e no ámbito da poesía. A partir das Irmandades hai unha coherencia entre teoría e práctica e grazas a elas Galiza asiste ao que podemos chamar o segundo Rexurdimento, de maneira que o galego queda definitivamente incorporado á prosa. E logo, no ámbito político antes do 31 non conseguen gran cousa, pero logo o Partido Galeguista recolle a herdanza das Irmandades e propicia nos anos da República o proceso autonómico. Iso quere dicir que boa parte das cousas

que hoxe consideramos normais e naturais, como a autonomía política, a oficialidade do galego, a lingua no ensino, etc. en realidade teñen o seu punto de partida nas Irmandades.

- Segundo algúns autores as Irmandades foron unha reacción contra o vello galeguismo...

- Non tanto foi contra o galeguismo decimonónico senón que foi un desenvolvemento a partir del, pero non contra el.

- Murguía, o patriarca do vello galeguismo, nunca foi a ningunha xuntanza das Irmandades nin os apoiou.

- Non, pero é que xa era moi vello. El nace no 1833, ten oitenta e pico, así que xa non estaba para moita festa, pero o Murguía mozo, que escribe a historia de Galiza en 1865, e que nos anos 90 é unha das cabezas do rexionalismo, é o pai do concepto de Galiza nación que logo utilizaron as Irmandades.

- Non sei se non se estará mitificando o tema das Irmandades. Mesmo a prensa daquela parece máis galeguista que a de hoxe.

- Daquela a prensa de galeguista non tiña nada, a maioría polo menos. A única era a das Irmandades, que era unha prensa relativamente feble.

- Varios dos irmandiños eran xornalistas. Vilar Ponte traballaba na Voz de Galicia e durante un tempo fixéronse eco das súas propostas.

- Xa, pero iso non quere dicir que fora galeguista. Efectivamente nas Irmandades houbo bastantes redactores da Voz. E deses que empezan, logo siguen poucos. Cando se fundan as primeiras Irmandades, que se pensa que é unha refundación máis do rexionalismo, a prensa nun primeiro momento acolle con simpatía, pero cando se definen como nacionalistas en 1918, a maior parte da prensa abandónalos. Os campos quedaron delimitados e xa está a prensa simpatizante co nacionalismo, que son os menos, e por outra banda a prensa maioritaria que se considera parte da nación española.

- Tamén entrou moita xente rexionalista nas Irmandades que fuxe ao chegar a esta definición.

- Si, porque entre maio de 1916 e novembro de 1918 hai un proceso de transición do rexionalismo ao nacionalismo, e aí os que non queren dar o salto acaban marchando. E tamén entra un continxente católico, para intentar que foran un instrumento político ao servizo da igrexa, e cando non o conseguen, pois tamén marchan. Ese magma inicial vaise depurando e ao final quedan só os nacionalistas.

- Cantos militantes chegaron a ter as Irmandades?

- Nos mellores momentos, entre 700 e 800.

- E iso para a época era bastante.

- Si, para vulgar esta cifra hai que ter en conta que o Partido Socialista en Galiza non supera esas cotas até a II República. Daquela os números de filiación aos partidos non eran tan grandes.

- Se as Irmandades foron o segundo Rexurdimento, pensas que hoxe é necesario un terceiro, logo do fracaso da autonomía como estrutura política galeguizadora?

- Pois non o sei, xa veremos, polo de agora as cousas non pintan moi ben. Pero hai que ter en conta que estamos nun estadio moi superior ao da época das Irmandades. O nivel de asunción

de símbolos e cousas que antes eran exclusivos da minoría nacionalista está aí. Hoxe todo o mundo acepta que o galego sexa a lingua cooficial, daquel non o aceptaba case ninguén, hoxe todo o mundo acepta o himno, a bandeira, a autonomía... son cousas que hoxe se incorporaron ao acervo común pero que daquela non se aceptaban. De todas maneiras, o nacionalismo que hai aquí quere ir máis alá, e ese avance está relativamente bloqueado, iso é certo. Que se vaia desbloquear ou non? Non o sei, non son profeta.

- Eu máis que a cuestións políticas referíame a cuestións identitarias, como a lingua.

- A lingua está nunha situación paradoxal. Por unha banda, deixou de ser un marcador social negativo como era antes. Iso desapareceu, xa non é así, sobre todo desde a instauración do autonomía. Sen embargo, hoxe a lingua galega está atacada por outras cousas, que non son tanto os ataques de forzas políticas, que tamén hai, como os efectos da globalización. Xa hai galego na escola, pero cada vez se usa menos o galego de forma espontaneamente, hai unha desgaleguización por abaixo que antes non existía. Hai un perigo diferente do que había daquela para o reforzamento dos sinais propios.

- O galeguismo, coma no tempo das Irmandades, segue a ser un movemento de efectivos escasos. Que lle falta para enganchar ás masas?

- Ben, hoxe non son tan escasos. Agora están en descenso, pero hai que ter en conta, hai datos que se esquecen, é que en Galiza o sindicalismo nacionalista é máis forte que en Cataluña, a pesar de que o nacionalismo sexa máis feble. Hai unha especie de disfunción, de maneira que hoxe hai un galeguismo basal na sociedade, que está aí e que non é tan pequeno, pero ten dificultades para ter unha tradución política, en deputados e en poder político.

- Hai outra cuestión daquela época que tamén nos lembra o momento actual, que é a ORGA e o Partido Galeguista. Ve aí certo paralelismo?

- Hai un paralelismo parcial. Efectivamente é a primeira vez que un grupo nacionalista, que é a Irmandade da Fala da Coruña, e un grupo non nacionalista, que eran os republicanos de Casares Quiroga, conflúen para formar unha organización híbrida que era ORGA. Iso ten certo paralelismo coa operación AGE primeiro e En Marea despois. Pero había unha diferenza, na ORGA o compoñente non nacionalista era exclusivamente galego, non era unha filial ou unha sucursal. En cambio, tanto en AGE como en En Marea, EU e Podemos son filiais de forzas de ámbito español.

- Creo que este Simposio é como a súa despedida do mundo académico, é así?

- Non, do mundo académico non. Eu mentres teña vida vou seguir investigando e escribindo e producindo, na medida en que as forzas mo permitan. É a miña despedida da organización de congresos. Este é o último, fíxeno porque considerei que era unha obriga moral, pero xa non organizo máis, o que non quere dicir que non participe noutros que organicen outros.

- Esta pequena retirada non ten que ver tampouco coas súas responsabilidades no Museo do Pobo, non?

- Non, estou no segundo mandato como presidente do Padroado do Museo, e cando remate ese prazo xa veremos o que pasa. A miña intención é non repetir porque xa terei unha idade bastante avanzada e creo que a xente debe retirarse a tempo.

- Pois aproveito para facer unha última pregunta que sempre lle quixen facer. Como remata un enxeñeiro madrileño converténdose no principal historiador do nacionalismo galego?

- Iso é unha historia longa e complicada. Por unha serie de azares da vida eu tiven que saír fuxindo de Madrid por mor da policía política de Franco, así que fun para Barcelona, onde a miña cuñada estaba casada cun galego, Xosé Manuel Casabella, arquitecto. E alí entrei en contacto con Galiza, coa colonia galega que nos axudou e nos acolleu. E nesa colonia coñecín a César Portela, que estaba organizando naquel momento o Colexio de Arquitectos de Galicia, e contratoume a min para levar a Comisión de Cultura, así que no 74 vinme para acá. E eu empezara como segunda carreira Historia -Filosofía e Letras, vaia- en Barcelona e remateina aquí, que era o que me gustaba, non enxeñería. E aquí entrei en contacto cun ambiente nacionalista ou filonacionalista que me convenceu. Cousas da vida. Non estaba programado, pero saíu así. E non saíu mal.